



Ínsua

43° 23'07,8" N – 8° 13'13,4" W

Praia en ámbito rural, rectilínea, de area branca e fina. Resgardada dos ventos, con augas tranquilas sen ningún perigo.

Ideal para gozar do sol, o baño e os deportes náuticos (natación, submarinismo, pesca...). Zona de fondeo de embarcacións.

Para naturistas e nudistas.



Andahío

43° 22'30,990" N – 8° 12'54,359" W

Praia ubicada en **Boebre**, límite natural co *Concello de Miño*.

Ten unha extensión de 200 metros por 45 metros de ancho. Augas tranquilas e oleaxe moderado.

Alto nivel de ocupación e encóntrase en zona semiurbana. Acceso para persoas con mobilidade reducida.


Praias Pontedeume

Turismo Pontedeume

Descubre Pontedeume



www.pontedeume.gal



Sopazos

43° 24' 41.9" N - 8° 10' 29.1" W

Pequena praia de 30 metros en ámbito urbano, rectilínea, de area branca e fina. Resgardada dos ventos, con augas tranquilas sen ningún perigo. Ideal para gozar do sol, o baño e os deportes náuticos (natación, submarinismo, pesca...). Nas inmediacións do peirao de **Pontedeume**. Zona de fondeo de embarcacións. Magnífica ocasión para gozar da praia e coñecer a *vila dos Andrade*.

É a única situada dentro do perímetro do casco urbano propiamente dito, situada ao remate do peirao, case baixo a ponte do ferrocarril, dotada de duchas e de auga doce.

Nunha parte dos seus cantís apareceron restos da época romana, pertencentes a sete vivendas, columnas, anacos de ánforas ou cerámica, o que dá conta da beleza e interese por habitar esta zona desde épocas pasadas.

Centroña

43° 24' 37,8" N - 8° 11' 40,8" W

Praia en ámbito semiurbano de 50 metros, rectilínea, de area dourada e fina. Resgardada dos ventos; con augas tranquilas sen ningún perigo. Ideal para gozar do sol, o baño e os deportes náuticos (natación, submarinismo, pesca...). Zona de fondeo de embarcacións. Tamén coñecida como *praia de Portiño*. Está situada na parroquia de **Centroña** aproximadamente a dous quilómetros de Pontedeume pola estrada da costa. Forma unha serie de calas que coa subida de marea quedan moi reducidas. Nunha destas calas, chamada *Cerrullo*, estivo asentada unha vila romana no seu cantil, cunha galería con vistas á ría. Aínda se conserva parte dos muros. A esta praia pódese acceder por un sendeiro que parte da estación de ferrocarril de **Pontedeume**, bordeando a costa, ata finalizar na *igreja de Santa María de Centroña*, a escasos metros da praia.

Ver

43° 23' 51.3" N - 8° 12' 41.5" W

Praia en ámbito semiurbano, 150 metros rectilíneos, de area branca e grosa. Resgardada dos ventos, dispón, ademais, de augas tranquilas sen ningún perigo. Ideal para gozar do sol, o baño. Con cámping próximo. Zona de fondeo de embarcacións. Praia de bo acceso e conta con duchas.